

POLO SACRAMENTO DA PENITENCIA  
FACÉMONOS MÁIS AMIGOS DE DEUS E DOS DEMAIS




*E*u confésome pecador  
diante de Deus omnipotente  
e tamén diante de vós, meus irmáns,  
pois teño pecado moito  
de pensamento, de palabra,  
de obra e de omisión,  
pola miña culpa, pola miña culpa,  
pola miña grandísima culpa.


*Por iso lle pido*  
á benaventurada Virxe María,  
a tódolos Anxos e Santos do ceo  
e a vós tamén, meus irmáns,  
que roquedes por min  
a Deus, o noso Pai.

¿QUE ESIXE DE NÓS  
CELEBRA-LO SACRAMENTO DA PENITENCIA?

Buscamos nesta sopa de letras sete palabras que expresen sete actitudes necesarias.  
Coloreámos en cores distintas cada unha delas



O sacerdote, no nome de Deus e da Igrexa, acóllegenos e perdóanos.



Escutar estas palabras ben dispostas énchenos de alegria, porque cando nos perdoan sempre nos alegramos.

**PARA RECORDAR**

- \* **¿QUE É O SACRAMENTO DA RECONCILIACIÓN OU PENITENCIA?**  
O Sacramento da Reconciliación ou da Penitencia é o Sacramento polo que Xesús nos perdoa os pecados cometidos despois de recibi-lo bautismo.
- \* **¿QUE ACTITUDES E COUSAS SON NECESARIAS PARA RECIBI-LO PERDÓN CANDO NOS CONFESAMOS?**  
Para recibi-lo perdón de Deus cando nos confesamos é necesario:
  - + o exame de conciencia
  - + a dor dos pecados
  - + o propósito da enmenda
  - + manifestar os pecados ó confesor
  - + cumplir la penitencia.